



## MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE PONTEVEDRA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG número 73 do 14 de abril) e no Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG número 81, de 24 de abril) polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

#### **Antecedentes:**

Entre os medios e recursos mobilizables pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de Pontevedra conta con medios humanos das agrupacións e asociacións que a compoñen, coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, amosada ao longo destes anos nas actuacións realizadas en colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia.

#### **Finalidade:**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de Pontevedra o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.



O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a citada entidade, co fin de cooperar no financiamento das actuacións efectuadas por esta no apoio á prevención, promoción, divulgación, información, formación e socorro en materia de protección civil, no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, contribuíndo deste xeito á concienciación da poboación en xeral e, de maneira específica, ao persoal voluntario de protección civil da citada provincia.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de colaborar coa esta asociación nas actividades de formación e divulgación, en materia de protección civil, programadas para todos os seus asociados a través de cursos, xornadas, reunións e publicacións, páxina *web* e, de xeito singular, en actividades de autoprotección e de formación do persoal voluntario de protección civil.

Asemade, favorecer a súa participación, xunto coa administración autonómica, na organización e realización de operativos, exercicios e simulacros, no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, colaborando activamente cas campañas planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, cos parques de bombeiros locais ou comarcais e cos grupos de emerxencias supramunicipais (GES).

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva na provincia de Pontevedra por esta asociación provincial, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Territorialidade do gasto no ano 2025 é 945.599 – Toda a provincia de Pontevedra

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212A.481.1 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2024, por un importe de cinco mil cincocentos euros (5.500 €).

A evolución do gasto respecto do de anos anteriores non sufriu ningún tipo de modificación substanciais, tal como se pode comprobar no seguinte cadro:

ANOS	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Ano 2025
IMPORTE (€)	5.500 €	5.500 €	5.500 €	5.500 €

Asimismo, os gastos executados ao longo dos anos coinciden coas contías atribuídas inicialmente.

A previsión de gastos desagregados por concepto sería a seguinte:



CONCEPTO	Custe
Actividades de prevención, divulgación, formación e desenvolvemento dos plans de protección civil	4.000,00 €
Material funxible	700,00 €
Outros gastos	800,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>5.500,00 €</b>

Estímase que esta actuación é coherente co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, correspondéndose co seu:

## E2 EIXE 2. GALICIA VERDE E SOSTIBLE

PA 03 Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias  
E01 Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

### OI01 Actuacións de soporte e apoio. Gastos de funcionamento

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable XUMCO2, constátase que os indicadores de seguimento para o proxecto 2015 00107 "Convenios con entidades colaboradoras de protección Civil" son:

- D0E005: "Poboación beneficiada pola actuación", cun valor previsto de 2.690.464.
- P00066: "Convenios asinados", cun valor previsto de 4.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez

